

# OS NENOS DO PARAÍSO

# 1753

Hiroshi Shimizu, 1948

ESTREA EN NUMAX: 13.03.2020 | V.O.S.E. | +18

Un grupo de nenos sobrevive como pode no Xapón da posguerra. Cando se encontran cun soldado expatriado que vaga polo país, deciden unirse a el, co obxectivo de chegar a unha escola especial para orfos do conflito.

O gran cineasta xaponés Hiroshi Shimizu, coñecido especialmente pola súa capacidade para rodar con actores mozos non profesionais, roda en 1948 unha emocionante road movie que inclúe unha sorprendente secuencia gravada nas ruínas de Hiroshima.

«Unha das maiores obras mestras do cinema xaponés, rodada cun ton humanista que acariña os sentimentos máis profundos do ser humano»

Rubén Redondo, CINE MALDITO



## Non podemos permitir por máis tempo que este filme fique descoñecido

Por Jesús Cortés

*Os nenos do paraíso* é exactamente o que parece. Para non dar rodeos direi que é un dos filmes máis grandes de todos os tempos. É sinxelo calcular o impacto da súa visión, pois consiste en imaxinar o que suporía contemplar por vez primeira calquera das moi escollidas películas que están á súa irrespirable altura, en particular *Alemaña ano cero* de Rossellini, do mesmo ano e coa que comparte unha especial sensibilidade.

*Os nenos do paraíso* dispara de maneira exponencial as expectativas abertas co director. Estes orfos, nenos da colmea, como indica a tradución ao inglés do título orixinal, acompañados por un soldado de volta a casa, vagando descalzos e famentos polas paisaxes da postguerra e duros traballadoras cando cómpre, non acumulan no seu lombo todas as desgrazas da guerra do alemán Edmund Meschke da película de Rossellini, antes ben, son a esperanza da supervivencia dun país vencido e desconcertado. Encarnan o que é o presente, o anuncio dun difícil futuro que, por forza, debería pasar pola educación, tema transversal na súa obra.

O filme, que é fluído, sobrio e até pícaro, con estrutura de comedia de aventuras a pesar de que apenas resten ocos para as alegrías, chega ás súas escenas cumio sen preparación nin previo aviso, con esa alquimia que saca a relucir a épica e a poesía da máis absoluta naturalidade como só outros xigantes —John Ford, Mark Donskoi— lograron imprimir. A primeira delas, impresionante en si mesma aínda que non houbera nada ao seu redor nin outorgándolle sentido, planificada cun uso do punto de vista abraiante e desarmante na súa orixinalidade, desenvólvese nas ruínas, en pedra retorta que parece extraterrestre sobre un promontorio desde o que se ve, apenas sen abrir o plano e en segundo termo, o dantesco espectáculo de Hiroshima. Alí os nenos buscan a moza que nalgún intre se separou do grupo. Toda ela proxecta unha estraña aura que une pasado e presente e merece figurar por dereito propio entre as máis excelsas xamais filmadas.

A segunda é a súa carnal contracopia. Un neno carga sobre o seu lombo o seu amigo doente que quere ver o mar, o único recordo que asocia á súa nai. Nin alusións, nin simbolismos; nin o destino nin o futuro; nin a guerra nin a morte. Só un neno subindo a duras penas unha montaña con outro esgotado, inmóbil, a costas. Armada sobre planos xerais, sentando un claro, moi afastado e perfecto precedente para o que tan anovador pareceu en Abbas Kiarostami, ten pequenos detalles en fulgurantes insertos do seu sufrimento e un inesquecible plano ao concluír que eu teño por un dos tres ou catro máis turbadores do cinema. É esta a escena que calquera afeccionado amosaría para mostrar a grandeza de Shimizu. Faise moi difícil falar dun filme desa categoría, só resta proxectalo cantas máis veces mellor. Non podemos permitir por máis tempo que fique descoñecido.

Publicado en “En los márgenes de la historia del cine (Un blog comme les autres)”, Jesús Cortés (Shangrila, 2020)